



Concello de Baralla

BANDO

D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO).-

FAI SABER:

Con data 30 de setembro de 2022 publicouse no *DOGA (Diario Oficial de Galicia)* número 187, a orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases e a convocatoria do **PROGRAMA XEMPRE EMPRENDEMENTO** para o ano 2022.

FINALIDADE

Facilitar as iniciativas de emprendemento, contribuíndo ao incremento da súa actividade económica, a súa competitividade e, en definitiva, manter os empregos de calidade, a través do apoio ao financiamento do investimento realizado entre o 1 de xaneiro de 2022 e a data de solicitude.

PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

Persoas traballadoras autónomas e as pequenas e medianas empresas, incluídas as cooperativas e sociedades laborais que cumpran os seguintes **REQUISITOS**:

- ✓ Ter o domicilio fiscal en Galicia.
- ✓ Figurar inscritas como tales nos correspondentes rexistros administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Ter presentado, de ser o caso, as contas anuais do último ano no Rexistro Mercantil ou no Rexistro de Cooperativas, segundo corresponda á súa forma xurídica.
- ✓ Ter iniciada a súa actividade económica no período que transcorre entre o 1 de xaneiro de 2020 ata a data de presentación da solicitude.
- ✓ Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
- ✓ Estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social para obter subvencións.
- ✓ Non teren sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables os investimentos que correspondan de xeito indubidable ao proxecto empresarial que iniciou a súa actividade económica desde o 1 de xaneiro de 2020. En concreto:

- ✓ Equipamento informático.
- ✓ Activos intangibles: activos que non teñen unha materialización física ou financeira.
- ✓ Investimentos en eficiencia enerxética.
- ✓ Adquisición de bens de equipamento e mobiliario.
- ✓ Reforma e habilitación das instalacións do local de negocio.
- ✓ A adquisición de activos pertencentes a un establecemento ou de bens de equipamento de segunda man

CONTÍA DA AXUDA

Importe do investimento	Contía da axuda
De 5.000 € ata 10.000 €	60 % do investimento
De 10.000 € ata 30.000 €	50 % do investimento
De 30.000 € ata 50.000 €	40 % do investimento
De 50.000 € ata 100.000 €	30 % do investimento

PRAZO DE SOLICITUDES

Desde o 04-10-2022 ao 04-11-2022

Esta subvención é en réxime de **concorrencia non competitiva**, é dicir, por **ORDE DE REXISTRO DE ENTRADA** da solicitude.

INFORMACIÓN SOBRE A TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIONS:

Concello de Baralla, Oficina do Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (Alberto); Teléfono: 982363303.
Baralla, 7 de xaneiro de 2022

O ALCALDE

Asdo. Miguel González Piñeiro

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 5H2T404EIV5ERMID4ZYK13JLYD7 | Corrección: https://baralla.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1